En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 21133**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Antonio Rodríguez Miranda e varios/as deputados/as máis, sobre **“as perspectivas de actividade nas que se van concretar os principais retos da Unidade do Corpo Nacional de Policía adscrita á Xunta de Galicia no ano 2010”**, (publicada no BOPG núm. 168 do 10 de febreiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Un dos primeiros pasos que deu a Xunta de Galicia, na actual lexislatura, ao respecto da Unidade de Policía Adscrita, foi analizar o cadro de necesidades e demandas que presentan os distintos centros directivos en relación a este servizo, co obxectivo de darlle un carácter máis dinámico e dinamizar as súas funcións.

Dita análise enmárcase en todo caso nun contexto marcado pola continua perda de efectivos derivada da negativa do Estado a cubrir vacantes de acordo aos mesmos criterios que se viñan aplicando.





Malia estas dificultades, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ten realizado un evidente esforzo para potenciar as actuacións da Unidade, fundamentalmente nos aspectos operativos e de contido policial.

Nesta liña, xa dende o segundo semestre do ano 2009, se concretaron tarefas operativas ata ese momento abandonadas, como son o control do furtivismo e marisqueo ilegal en colaboración coa Consellería de Mar, ou a activación doutras competencias e espazos de actividade como son a violencia de xénero, os menores, ou o exercicio das capacidades de seguridade e vixilancia das distintas rutas Xacobeas, especialmente neste Ano Xacobeo 2010.

O Goberno galego fai unha valoración positiva das actividades desenvolvidas pola Unidade de Policía Adscrita. Os resultados acadados manteñen unha boa liña de cumprimento das funcións que dita Unidade asume, e iso a pesares de que non conta co número de efectivos previsto no seu cadro de persoal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.916



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 22375**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José M. Lage Tuñas, sobre **"as razóns da non incorporación á páxina web [www.xunta.es/convenios](http://www.xunta.es/convenios) o rexistro de convenios asinados polo Goberno galego entre maio de 2009 e o 1 de febreiro de 2010"**, (publicada no BOPG núm. 168 do 10 de febreiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias, ten asumido a competencia para xestionar o rexistro dos convenios que asinen a Xunta de Galicia, organismos autónomos e entes de dereito público vinculados ou dependentes dela.

Este Rexistro constitúe un elemento fundamental no proceso global de mellora dos mecanismos de transparencia e publicidade das actuacións da Xunta de Galicia. En cumprimento deste compromiso de transparencia, esta páxina web ofrece á cidadanía a posibilidade de consultar a base de datos dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e os seus organismos dependentes.



O Goberno que preside Alberto Núñez Feijóo en ningún caso incumpre a Lei de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

En todo caso, convén sinalar a posibilidade de que poidan terse producido, nalgún momento puntual, dificultades ou retrasos momentáneos e ocasionais no volcado da información á plataforma web, debido a razóns de índole puramente informática e tecnolóxica.

Unha rápida consulta ao sitio web da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia permite comprobar cómo non só figuran os convenios asinados durante a presente lexislatura, senón tamén o histórico de datos de lexislaturas anteriores. Polo tanto, a Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega está a cumprirse escrupulosamente”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mv

45.895



En relación coas preguntas con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nºs **21604, 21605, 21606, 21607, 21608, 21609, 21610, 21611, 21612, 21613, 21614, 21615, 21616, 21617, 21618, 21619, 21620, 21621, 21622, 21623, 21624, 21625, 21626, 21627, 21628, 21629, 21630, 21631, 21632, 21633, 21634, 21635, 21636, 21637, 21638, 21639, 21640, 21641, 21642, 22465, 22466, 22467, 22468, 22469, 22470, 22471, 22472, 22473, 22474, 22475, 22476, 22477, 22478, 22479, 22480, 22481, 22482, 22483, 22484, 22485, 22486, 22487, 22488, 22489, 22490, 22491, 22492, 22493, 22494, 22495, 22496, 22497, 22498, 22499, 22500, 22501, 22502 e 22503**, formuladas por diversos deputados/as do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre **“as actuacións da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística en diversos concellos galegos”**, (publicadas nos BOPG nºs 168 e 174, do ano 2010), convertidas en **preguntas con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A información que demandan estas iniciativas xa foi ofrecida ao Parlamento a través da resposta conxunta ás preguntas 21643 a 21681, 22385, e 22388 a 22425, contestación remitida o 5/04/2010 e publicada no BOPG nº 222 de data 30/04/2010, á que nos remitimos.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/rmv

45.896



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº **22894**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre **"o novo decreto regulador dos procedementos en materia de dependencia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o pasado 3 de febreiro de 2010"**, (publicada no BOPG nº 174, do 18 de febreiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

"A información requirida nesta pregunta xa foi facilitada ao Parlamento ao darlle resposta á iniciativa 22893 na sesión da Comisión 5ª do 15/04/2010. Remitímonos ao alí dito."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mv

45.897



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno nº **23145**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **“o grao de cumprimento polo Goberno galego dos seus compromisos electorais para o ano 2009 en materia de rebaixa fiscal para as familias e empresas”**, (publicada no BOPG nº 174, do 18 de febreiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A posibilidade de adoptar estas medidas de política fiscal hai que enmarcala dentro das competencias normativas que ás comunidades autónomas atribúen a Constitución Española, a Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas e a Lei pola que se regula o sistema de financiamento das Comunidades Autónomas de réxime común e Cidades con Estatuto de Autonomía.

**1º.- Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD)**

Como consecuencia dos factores que caracterizan a actual crise, o sector inmobiliario, que representa unha parte importante da economía e do emprego, está a sufrir en maior medida que outros sectores os efectos negativos desta recesión. Á súa vez esta situación provoca unha maior dificultade para o acceso a unha vivenda aos cidadáns con menor **capacidade económica**.



Nesta liña, aprobouse a lei galega de medidas tributarias relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para fomento do acceso á vivenda, que contempla a **redución dos tipos de gravame do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para as familias numerosas e os menores de 36 anos (respecto a estes cunha vixencia temporal ata o 31/12/2011, prorrogable)**, poñendo a disposición destes colectivos recursos co fin de facilitar o seu acceso á vivenda e ao crédito para o seu financiamento, e ao mesmo tempo servir de estímulo para a reactivación do sector inmobiliario. Ademais, a lei prevé a súa aplicación retroactiva con efectos dende o 1/7/2009.

O **acceso a estes beneficios fiscais limitase** en atención ao prezo de adquisición da vivenda e aos niveis de patrimonio dos contribuíntes, así como mediante a súa incompatibilidade con outros beneficios fiscais establecidos pola Comunidade Autónoma con idéntica finalidade, co que se pretende lograr unha mellor correlación entre a **capacidade económica e a carga tributaria**, garantindo o cumprimento dos principios recollidos no artigo 31 da Constitución Española.

## **2º.- Aprazamentos e Fraccionamentos**

O Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de Réxime Financiero e Orzamentario de Galicia establece, no artigo 20.5, a posibilidade de aprazar ou fraccionar as cantidades debidas a Facenda da Comunidade nos casos e cos procedementos que regulamentariamente se establezan. A continuación prevé a posibilidade de excepcionar garantías cando sexan inferiores á cifra que fixe la Consellería de Facenda. A devandita contía esta fixada en 6.000 € por Orde do 17 de febreiro de 2003.

Pola súa banda, no ámbito dos tributos cedidos polo Estado cuxa xestión recadatoria corresponde a Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 82 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, sinala que poderá dispensarse total ou





parcialmente ao obrigado tributario da constitución das garantías para a concesión de aprazamentos ou fraccionamentos de débedas tributarias cando a súa contía sexa inferior á que se fixe na normativa tributaria. La Orde HAC/157/2003 establecía o límite exento da obriga de achegar garantías en 6.000 euros, límite que foi elevado a 18.000 euros por Orde EHA/1030/2009, do 23 de abril, pero que limita o seu ámbito a débedas xestionadas pola AEAT e polos órganos ou organismos da Facenda Pública Estatal.

Considerando o importante compoñente financeiro da actual crise, que se pode concretar nunha dificultade de acceso ao crédito ou afianzamento e en dificultades transitorias de carácter económico-financeiro (ausencia transitoria de liquidez) para pagar as débedas coa Xunta de Galicia, entendemos apropiado **eleva a contía das débedas para as que non se esixirá prestar garantía na solicitude de aprazamentos e fraccionamentos**, o que redundará nunha **maior facilidade para os cidadáns, familias e empresas para o cumprimento das súas obrigas de pagamento con esta Administración** (minorando os créditos incobrables), á vez que un aforro nos custos que supoñen a prestación desas garantías (redución da presión fiscal indirecta) e unha maior axilidade na xestión destas solicitudes (redución de custos administrativos).

En consecuencia, por esta Consellería actuouse a través de dúas **vías**:

Primeira. - Dado que a competencia normativa para o establecemento do límite exento da obriga de achegar garantía nas solicitudes de aprazamento ou fraccionamento no caso de tributos cedidos correspóndelle ao Estado, comunicouse ao Ministerio de **Economía e Facenda** que a Comunidade Autónoma de Galicia **desexa elevar o devandito límite a 18.000 €** para os tributos cedidos cuxa xestión recadatoria lle corresponde a esta. Como consecuencia desta solicitude se aprobou a Orde EHA/1621/2009, do 17 de xuño, pola que se eleva a 18.000 euros o límite exento da obriga de achegar garantía nas solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de



débedas derivadas de tributos cedidos cuxa xestión recadatoria corresponda ás Comunidades Autónomas.

Segunda. – Aprobouse a **Orde do 29 de maio de 2009** reguladora de aprazamentos e fraccionamentos de pagamentos de débedas que correspondan a ingresos de dereito público da Comunidade Autónoma de Galicia, para fixar o mesmo límite respecto aos restantes ingresos de dereito público desta Comunidade Autónoma.

### **3º.- Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF)**

A actual lei do IRPF (Lei 35/2006) apártase da noción anterior, introducida pola Lei 40/1998, de considerar como obxecto do imposto a renda dispoñible, entendendo por tal o resultante de diminuír as rendas totais obtidas no importe das reducións por circunstancias persoais e familiares.

Como se sinala na Exposición de Motivos da vixente Lei 35/2006, as consecuencias daquel modelo eran que, dado o carácter progresivo da tarifa, os beneficios para o contribuínte operaban sobre a contía gravada ao tipo marxinal, polo que eran maiores para os contribuíntes de máis elevado nivel de renda. Para asegurar unha mesma diminución da carga tributaria para todos os contribuíntes con igual situación persoal e familiar, con independencia do seu nivel de renda, a nova estrutura do imposto fai que as reducións se practiquen no primeiro tramo da tarifa. Con iso, tecnicamente estanse introducindo uns mínimos gravados a tipo cero co obxectivo de mellorar a progresividade do imposto e gañar en equidade.

Segundo o razoamento anterior, UNHA REBAIXA DO TIPO CORRESPONDENTE AO PRIMEIRO TRAMO DE APLICACIÓN EXCLUSIVA AOS CONTRIBUÍNTES QUE NON SUPEREN O SEU LÍMITE SUPERIOR NON SÓ INCIDE NA CONSECUCIÓN DESES MESMOS OBXECTIVOS, SENÓN QUE OS MELLORA.



O IRPF é un imposto esencial no sistema fiscal español, tanto polo seu potencial recadador coma pola súa capacidade redistributiva, e pola súa incidencia na economía. Pero é un imposto que recae, en España en xeral e en Galicia en particular, fundamentalmente sobre os asalariados; e que ademais grava con maior intensidade as rendas do traballo que as rendas do capital e as ganancias patrimoniais.

Calquera alteración impositiva que se formule incide sobre as decisións relativas ao consumo e ao aforro (consumo futuro), e polo tanto, sobre a actividade económica. Entre os efectos económicos da imposición pódese distinguir entre un efecto renda (aumento ou redución tanto do consumo presente coma futuro) como un efecto substitución (discriminando cara a un dos posibles destinos, consumo ou aforro).

Ademais, debe terse en conta o efecto da imposición sobre a oferta de traballo. Así, as decisións entre traballo e ocio variarán segundo a estrutura impositiva. Os impostos sobre a renda son impostos sobre os pagamentos a todos os factores de produción, incluído o traballo. Posto que reducen os ingresos da economía familiar individual que proceden de ofrecer traballo, podemos esperar que influirán na elección de canto traballo ofrecer. Tamén se van dar un efecto renda e un efecto substitución (se o prezo do ocio baixa, o efecto substitución induce ao individuo a tomarse máis ocio e, polo tanto, a ofrecer menos traballo).

O IRPF é un imposto que afecta á capacidade de consumir das persoas e das familias (*o "efecto renda" que provoca unha rebaixa impositiva incrementa a renda dispoñible para consumir bens e servizos*). Non obstante este efecto non é idéntico en todos os contribuínte, senón que depende basicamente do seu nivel de renda. É dicir, a propensión marxinal a consumir é menor canto maior sexa o nivel de renda das persoas (*As persoas e familias que teñen dificultades para chegar o fin de mes vense obrigadas a gastar a renda adicional que obteñen como consecuencia de aforro fiscal producido por unha rebaixa impositiva. Pola contra, as familias ricas non incrementan o consumo, senón o aforro*).



Na actual conxuntura económica existe acordo en que unha das accións concretas para facer fronte á crise consiste en **estimular o consumo, para reactivar a economía. Ademais, a estimulación do consumo** mediante unha rebaixa selectiva de impostos **debe supoñer** unha recuperación do seu custo recadatorio a través do incremento na recadación dos impostos de natureza indirecta que gravan o consumo, como consecuencia da mellora na renda dispoñible, e dos posibles efectos no crecemento económico e, por extensión, nas bases sometidas a gravame no IRPF.

En conclusión, proporase **rebaixar a tarifa autonómica do IRPF** correspondente ao primeiro tramo da escala de xeito que afecte exclusivamente aos contribuíntes por este imposto cuxa base liquidable xeral menos o mínimo persoal e familiar sexa inferior a 17.707,20 €.

Recordar aquí que a limitación no ámbito subxectivo da medida (colectivo afectado), non só supoñería un estímulo do consumo a curto prazo, senón que ademais contribuirá a reforzar a progresividade do imposto e gañar en equidade.

Esta medida tributaria, a adoptar no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, exporase ao longo da lexislatura e en función das dispoñibilidades orzamentarias derivadas da situación herdada e do novo réxime de financiamento das Comunidades Autónomas.

#### **4º.- Imposto sobre Sucesións e Doazóns**

Respecto ás medidas a adoptar no Imposto sobre Sucesións e Doazóns, non se plantexa a supresión do imposto, senón a posibilidade de estender a dedución do 99 por cento na cota para as sucesións a favor dos cónxuxes e da totalidade dos descendentes, sen discriminación pola súa idade.



### **Motivos da proposta:**

En **primeiro lugar**, o imposto xa non cumpre coas funcións pretendidas de redistribución e igualación, dado que ten un carácter residual en canto ao seu potencial recadatorio.

En **segundo lugar**, a actual configuración do imposto xerou inequidade fiscal, xa que o esforzo fiscal recae cada vez máis sobre as rendas medias, que son as que non poden optar por configurar patrimonios non gravados por este imposto.

En **terceiro lugar**, supón unha nova tributación sobre bens que xa tributaron por outros impostos como o IRPF, IVA, ITP-AJD ou IBI, desincentivando o aforro e o investimento.

En **cuarto lugar**, porque a aceptación da herdanza pode quedar condicionada á capacidade do pagamento do imposto por parte dos herdeiros, o que pode dar lugar a casos de persoas que deben renunciar a herdanzas a causa de non poder financiar o pagamento do imposto; ou ben a venda de parte dos bens do causante, supoñendo unha alienación forzosa para o inmediato pagamento do imposto.

En **quinto lugar**, debe terse en conta o fenómeno coñecido como deslocalización, isto é, a posibilidade de cambio da residencia fiscal a outra comunidade autónoma cunha regulación máis favorable neste imposto, co que se perdería a totalidade do gravamen nesta Comunidade. A antedita deslocalización pode provocar ademais efectos moi negativos sobre a recadación doutros tributos, xa que os contribuíntes con rendas máis altas, os que máis tributan, deixarían de facelo en Galicia por IRPF ou IVE, tributos de maior periodicidade e capacidade recadatoria que o ISD, para facelo noutra comunidade autónoma.



**Por último**, dende a perspectiva da **socioloxía tributaria e ilusión fiscal**, a medida proposta ten a vantaxe de que se percibe por todos os cidadáns, aínda que os contribuíntes afectados sexan unha porcentaxe menor (polas reducións e bonificacións vixentes), e compromete a recadación en menos dun 1% do total de ingresos fiscais.

Esta medida tributaria a adoptar no Imposto sobre Sucesións, ao igual que no IRPF, expóranse ao longo da lexislatura e en función das dispoñibilidades orzamentaria derivadas da situación herdada e do novo réxime de financiamento das Comunidades Autónomas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mv

45.898



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº **23296**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de modificar a Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia”**, (publicada no BOPG nº 178, do 24 de febreiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada segundo os datos que obran nesta **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O marco regulador dos xogos e apostas en Galicia ven determinado, efectivamente, pola Lei 14/1985, do 23 de outubro. Despois de 25 anos de vixencia, viría xustificada a oportunidade de abordar unha nova regulación que tivese en conta a actual realidade sociolóxica e económica e a clara evolución de hábitos e preferencias experimentada tanto no que se refire ao ocio e entretemento en xeral, como, particularmente, á práctica de actividades de xogo.

Neste sentido, o Goberno galego non renuncia a tramitar un proxecto de Lei que se adecúe aos novos escenarios e tendencias xeracionais do xogo, marcados nomeadamente pola irrupción das modalidades electrónicas e a través de Internet, sobre a base dunha proposta consensuada polos distintos axentes e subsectores implicados na propia actividade do xogo en Galicia.



Malia a disposición da Xunta de Galicia para impulsar este proxecto normativo, enténdese que a súa materialización debe necesariamente vincularse á articulación dunha resposta axeitada ao fenómeno do xogo *on line*.

Neste sentido, o alcance supraautonómico das modalidades de xogo en Internet obriga ao Estado, de acordo coa Disposición Adicional Vixésima da Lei 56/2007, do 28 de decembro, de Medidas de Impulso da Sociedade da Información, a presentar un proxecto de lei para regular as actividades de xogo e apostas realizadas a través de sistemas interactivos baseados en comunicacións electrónicas.

En todo caso, a Xunta de Galicia considera que determinados aspectos da Lei 14/1985, como consecuencia do tempo transcorrido dende a súa aprobación, son susceptibles de seren modificados, en consonancia coa actual realidade sociolóxica e económica, con hábitos e preferencias en relación ao ocio e ao entretemento en xeral e á práctica de actividades de xogo en especial, claramente distintos aos contemplados na data de publicación da actual lei.

Ata o momento, a única petición concreta de modificación normativa que recibiu a Xunta de Galicia foi a referida á regulación do xogo do bingo, formulada a través da Asociación de Bingos de Galicia (ABIGA).

Esta solicitude para propiciar cambios legais quedou materializada coa aprobación do *Decreto 113/2010, do 1 de xullo, polo que se modifica o Decreto 181/2002, do 10 de maio, polo que se aproba o Regulamento do xogo do bingo, e o Decreto 116/1986, do 4 de xuño, polo que se aproba o Catálogo de xogos da Comunidade Autónoma de Galicia* (D.O.G nº 131, do 12 de xullo de 2010).





A principal demanda consistía basicamente na regulación de novas modalidades de xogo do bingo de xeito que, mantendo os aspectos esenciais do bingo tradicional, se autorizasen outros sistemas de xogo en formato electrónico. Neste sentido, coa nova regulación quedan permitidas as seguintes modalidades:

- Modalidade de xogo do bingo tradicional.
- Modalidade de xogo do bingo interconexionado.
- Modalidade do xogo do bingo simultáneo.
- Modalidade do xogo do bingo electrónico.

Asemade, o sector de máquinas operadoras de xogo ten solicitado a continxentación das máquinas tipo B na nosa Comunidade, petición á que a Xunta está a dar resposta, co inicio dos trámites para a aprobación do correspondente Decreto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.919



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 23468**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **"a opinión da conselleira de Facenda respecto da venda de patrimonio da Xunta de Galicia para alugar ou comprar novos vehículos"**, (publicada no BOPG núm. 178 do 24 de febreiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia en ningún caso vendeu a prezo de saldo o seu patrimonio para o alugamento de vehículos novos.

O Goberno galego procedeu, pola contra, a adaptar, cumprindo en todo momento a normativa en materia de contratación pública, e a prezos de mercado, os vehículos do Parque Móbil da Xunta de Galicia ás necesidades dos servizos que presta.

Este proceso de adaptación realizouse previa elaboración dun inventario de vehículos iniciado no mes de maio de 2009. Neste inventario recolleuse o uso a que estaba destinado cada vehículo, así como a súa antigüidade, quilometraxe e estado.



Sobre a base dos resultados deste inventario, constatouse a necesidade de renovar unha parte importante dos 366 vehículos cos que se contaba, dado que algúns deles atopábanse inmovilizados por avaría, non resultando rendible a súa reparación, ou ben non eran adecuados para a circulación debido á súa antigüidade, a problemas mecánicos, exceso de quilometraxe, altos gastos de mantemento ou por motivos de seguridade.

Ante esta situación considerouse necesaria a adquisición de novos vehículos mediante contrato de renting e a entrega –como parte do prezo– daqueles vehículos que polo seu estado ou antigüidade resultasen inadecuados. Deste xeito, reducíronse os gastos de mantemento das unidades máis antigas e incrementouse, á súa vez, a seguridade nos desprazamentos.

Os vehículos que se entregaron como parte do prezo valoráronse a prezo de mercado en 482.307,51 € (en función dos criterios de antigüidade, quilometraxe e estado de conservación), de acordo co establecido na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

Do estudo de necesidades de adecuación dos medios materiais realizado no ano 2009 conclúese que as demandas detectadas nos distintos departamentos da Xunta de Galicia evidenciaron a necesidade de tres tipoloxías de vehículos:

- a) Unha importante demanda de vehículos de gama media para uso do persoal da Xunta de Galicia, para o cumprimento dos servizos que teñen encomendados (principalmente inspectores nos distintos ámbitos e traballadores da área de servizos sociais).
- b) En segundo lugar unha demanda de vehículos para repartición de correspondencia, portes e carrexo. Son vehículos encadrados no grupo D2 que polo seu estado e antigüidade precisan a súa substitución.



- c) E por último, a necesidade de adquisición dunha furgoneta para transporte de material en substitución da existente, así como dun vehículo para transporte de pequenos grupos de persoas (turismo de sete prazas) demandado especialmente no ámbito dos servizos sociais.

Sobre a base das necesidades detectadas, escolléronse estes tres segmentos de vehículos para cumprir as funcións antes referidas, e realizouse unha estimación do prezo, tendo en conta como características básicas a potencia e dimensións dos devanditos vehículos, segundo o cadro seguinte:

Nº	TIPOLOXÍA DE VEHÍCULO	POTENCIA MÍNIMA	GRUPO
50	Vehículos de gama media	70 Cv	D1
1	Furgoneta para transporte de material	100 Cv	D2
1	Vehículo para transporte de persoas de ata 7 prazas	135 Cv	D1
1	Vehículo de gama media	90 Cv	D1
5	Vehículos para reparto	70 Cv	D2

Para o financiamento do plan de renovación empregáronse diversos instrumentos:

- Recursos procedentes dos orzamentos da Xunta de Galicia para 2010.
- Entrega dos vehículos en desuso como parte do prezo en especie (vehículos avariados ou aqueles cun gasto de mantemento excesivo).



- Financiamento mediante o sistema de renting para amortiguar o impacto da renovación en orzamentos futuros.

Mediante Resolución do 25 de febreiro de 2010 (DOG nº 53, do 18 de marzo), da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, convocouse licitación suxeita a regulación harmonizada do arrendamento, mediante a modalidade de renting, de cincuenta e oito vehículos para o uso do Parque Móbil da Xunta de Galicia.

Convén subliñar que ningún destes cincuenta e oito vehículos foron destinados para uso de altos cargos ou conselleiros, senón que están destinados aos traballadores da Xunta de Galicia para a realización dos servizos que teñen encomendados.

O orzamento máximo do contrato foi de 1.615.107,51 € (I.V.E. incluído) dos cales aboarase a cantidade de 482.307,51 € en bens a entregar pola Administración (82 vehículos con antigüidade media de 10 anos e catro meses e unha quilometraxe media de 257.138 km.) e o prezo restante (un máximo de 1.132.800 €) pagarase con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma durante o período 2010-2014.

En base á adxudicación definitiva do contrato de arrendamento (25 de xuño de 2010), a oferta da empresa destinataria da adxudicación definitiva ascendeu a un total de 974.734, 08 € (I.V.E incluído), que se aboarán en 48 mensualidades desde o inicio da execución do contrato (1 de xullo de 2010), por un importe de 20.306,96 €/mensuais (I.V.E. incluído). Polo tanto, a baixa sobre o tipo de licitación da empresa adxudicatária foi do 13.95% (158.065,92 euros).

Actualmente o Parque Móbil da Xunta de Galicia acada os 349 vehículos, dos cales unicamente 84 unidades están destinadas ao traslado de altos cargos, cando anteriormente eran 134 os vehículos destinados a esta función.



## PARQUE MÓBIL DA XUNTA DE GALICIA

<b>TOTAL VEHÍCULOS PARQUE MÓBIL A 04/05/2009</b>	<b>367</b>
<b>VEHÍCULOS ENTREGADOS EN XUÑO DE 2010 (CONCURSO RENTING)</b>	<b>82</b>
<b>TOTAL VEHÍCULOS EN PROPIEDAD EN XUÑO 2010</b>	<b>291</b>
<b>TOTAL VEHÍCULOS EN RENTING EN XUÑO 2010</b>	<b>58</b>
<b>TOTAL VEHÍCULOS (PROPIEDAD E RENTING) EN XUÑO DE 2010</b>	<b>349</b>

En base a todo o exposto anteriormente, cabe concluír que a Xunta de Galicia procedeu –con criterios de racionalidade, mediante procedemento público e transparente e de conformidade coa Lei de contratos do sector público– á adaptación dos medios materiais dos que dispoñía o Parque Móbil da Xunta de Galicia ás necesidades dos traslados do persoal, para o cumprimento das súas funcións.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

RS/mv

45.899



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº 23930, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos Ignacio Aymerich Cano, sobre **“a aprobación duns novos orzamentos polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar distintos aos incluídos na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010”**, (publicada no BOPG nº 178, do 24 de febreiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A información requirida nesta pregunta xa foi facilitada ao Parlamento ao darlle resposta á iniciativa 23929 na sesión da Comisión 5ª do 26/03/2010. Remitímonos ao alí dito.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia

101489



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

RS/mv

45.900

AD. XUSTIZA	AD. XUSTIZA
DIRECCIÓN	DIRECCIÓN
23 AGO. 2010	
SAÍDA	
Núm. ....	4256

En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar polo Pleno- nº **24565**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce, sobre **“o procedemento de selección de persoal para os servizos públicos de Benestar nos distintos programas dependentes da Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG nº 184, do 4 de marzo de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Traballo e Benestar**, que ten o seguinte contido:

“A información requirida nesta iniciativa xa foi facilitada ao Parlamento ao darlle resposta á pregunta 24563 na sesión da Comisión 5ª do 15/04/2010. Remitímonos ao alí dito.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





RS/mc

45.906



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25456**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **"a valoración das repercusións no sector gandeiro da redución levada a cabo pola Consellería do Medio Rural nos pagamentos das axudas do contrato de explotación sustentable"**, (publicada no BOPG núm. 189 do 11 de marzo de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Non haberá diminución das axudas ao sector gandeiro por estes motivos, senón unha correcta utilización dos orzamentos en actuacións levadas a cabo polas explotacións gandeiras que poidan ser subvencionables de acordo coa normativa reguladora das axudas integradas no CES."



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.913



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25677**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Soledad Soneira Tajés e dona Sonia Verdes Gil, sobre **"as vantaxes ou melloras do novo modelo de asociación de propietarios que pretende impulsar a Consellería do Medio Rural, en relación coas unidades de xestión forestal"**, (publicada no BOPG núm. 189 do 11 de marzo de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Trátase dunha figura xurídica que contemplará, de xeito realista, as necesidades das agrupacións de propietarios desde todos os puntos de vista, co obxectivo de garantir a súa viabilidade económica e a súa sustentabilidade no tempo. Será unha figura máis operativa e menos intervencionista cas UXFOR, e máis integradora e respectuosa coa autonomía dos propietarios.

As SOFOR serán figuras voluntarias, de dereito privado (como as cooperativas ou as SAT), e perseguen a xestión, aproveitamento e comercialización en común."



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.912



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 25678**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Soledad Soneira Tajés e dona Sonia Verdes Gil, sobre **"a incidencia dos recortes nos orzamentos para o ano 2010 do programa 713 E, de benestar animal e sanidade vexetal, no mantemento dos servizos públicos en materia de sanidade animal e outros programas sanitarios facultativos"**, (publicada no BOPG núm. 189 do 11 de marzo de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A sanidade animal galega conta cun estatus privilexiado referente no Estado español. Esta situación é a consecuencia do esforzo continuado de gandeiros, veterinarios e as distintas administracións durante os últimos 20 anos. Os datos de 2009 e 2010 avalan a continuidade da evolución positiva dos resultados: as prevalencias de tuberculose e brucelose bovina seguen a ser extremadamente baixas e moi próximas a valores de erradicación; en 2010 iniciáranse os trámites para a consideración oficial de Galicia como indemne á brucelose ovina e cabrúa; igualmente mantemos o estatus de oficialmente indemnes a leucose enzoótica e perineumonía contagiosa; os casos de EET seguen a baixar na medida que desaparecen os animais de maior idade; en relación coa Lingua Azul, en 2010 non se teñen detectado casos estando a 31 de maio practicamente completada a



vacinación da cabana; o porcino galego segue a estar exento da enfermidade de Aujeszky; e en resumo, todos os programas sanitarios obrigatorios seguen o seu normal desenvolvemento con éxito crecente. Aínda máis, avánzase na elaboración do mapa epidemiolóxico de Galicia, que se está a iniciar como un proceso que culminara a excelencia da sanidade animal galega.

Por outra parte, os programas sanitarios voluntarios implantados a través das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras cobran un novo pulo da man dun paquete de medidas que reforza a operatividade destas asociacións, claves no futuro da sanidade animal galega: por unha parte, a orde de axudas ás AD SG incrementa a súa dotación orzamentaria con respecto aos anos precedentes; doutra, a Xunta ven de entregar ás asociacións unha ferramenta informática para facilitar a xestión sanitaria, económica e administrativa, que permite a interacción coas bases de datos da administración. Simultaneamente, estase a implantar un rigoroso programa de control para garantir o cumprimento estrito das obrigas que asumen as AD SG.

Noutra orde de cousas, os laboratorios oficiais están a revisar a súa dinámica de actuación, permitindo unha redución substancial nos tempos de entrega de resultados ao tempo que se avanza na certificación de tódolos ensaios realizados.

Por fin, a rastrexabilidade das producións está garantida por un sistema de identificación de reputada solvencia. A posta en función da Oficina Agraria Virtual, de inmediata aplicación, reforzará o sistema permitindo unha axilidade capaz de compatibilizar o interese dos gandeiros coa defensa da saúde pública e a seguridade alimentaria.

A consecución destes feitos xorde como consecuencia da revisión racional dos procedementos aplicados, para dotalos de maior eficiencia, sen perder un ápice da eficacia que os caracterizaba; e da posta en valor de novos sistemas que recuperan o protagonismo do gandeiro na xestión sanitaria.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

Resumindo, racionalízanse os medios e mellórase a execución dos programas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Robert Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.915



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29068**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Sonia Verdes Gil, sobre **"a posibilidade de implementación polo Goberno galego de axudas durante o ano 2010 para compensar as explotacións leiteiras excluídas nas condicións para o acceso ás axudas establecidas na Orde da Consellería do Medio Rural do 22 de febreiro de 2010"**, (publicada no BOPG núm. 198 do 25 de marzo de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"Dentro do programa agroambiental contéplanse dúas medidas ás que poderían acollerse estas explotacións, loxicamente coas limitacións propias do programa.

Por outra banda, temos defendido ante o Goberno Central a necesidade de contemplar ao conxunto de explotacións lácteas como vulnerables."





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.921



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29191**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don José M. Lage Tuñas, sobre **“as decisións previstas respecto da alarma xerada entre os opositores polas presuntas irregularidades existentes nas probas de acceso á función pública de Galicia”**, (publicada no BOPG núm. 206 do 8 de abril de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación cos procesos selectivos para o acceso ao corpo superior de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, tanto polas quendas de promoción interna como de acceso libre (procesos ordinario e extraordinario de consolidación de emprego), hai que sinalar que o nomeamento dos tribunais encargados de cualificar estes procesos selectivos se realizou de conformidade coas normas reguladoras.

Porén, e ante a alarma xerada en relación coa participación nun proceso selectivo de dous vogais designados para outro proceso selectivo, que aínda que referido ao mesmo grupo son procesos independentes, esta consellería tomou a decisión de aceptar a renuncia presentada por estes vogais, e proceder á designación doutros como membros do tribunal.



Así mesmo, os membros do tribunal designado para cualificar a quenda de promoción interna decidiron presentar a súa renuncia para evitar calquera prexuízo ao desenvolvemento do proceso selectivo, renuncia que foi aceptada por esta consellería.

Pola súa banda, a Dirección Xeral da Función Pública propuxo a modificación das instrucións de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e foron aprobadas na reunión do Consello da Xunta de Galicia do día oito de abril de dous mil dez, co obxecto de mellorar o desenvolvemento dos procesos selectivos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.920



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29192**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga e don José M. Lage Tuñas, sobre **"a responsabilidade das presuntas irregularidades producidas nas probas de acceso á función pública na Administración autonómica"**, (publicada no BOPG núm. 206 do 8 de abril de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"A responsabilidade se exerce a través da adopción de medidas que para cada proceso garantan a legalidade e limpeza do proceso.

Para elo, garantízase o cumprimento da normativa e cando esta non se amosa suficiente procédese á súa mellora.

En todo caso, a composición dos órganos de selección vén determinada no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público e no informe elaborado pola Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia do 30 de setembro de 2008. Neste informe indícase o seguinte:

*'podemos extraer as directrices que busca a norma: profesionalidade, imparcialidade e independencia dos membros dos tribunais de selección, e*



*limitacións á liberdade de elección destes membros, aos efectos de cumprir con aquelas características.*

*Se unimos esa Exposición de Motivos co frontispicio do artigo 60, recollido no seu apartado primeiro, determinamos que nesta materia as máximas rectoras na elección dos membros dos tribunais de selección son os de profesionalidade, independencia e imparcialidade.*

*Polo tanto, para o EBEP, os membros dos órganos de selección, por un lado, debe ter unha cualificada ligazón entre os seus coñecementos e os que se axuizan no proceso selectivo e, por outro, e en coherencia co anterior, que estes coñecementos sexa o único elemento reitor da súa función de tribunal selectivo, tratando de evitar que puidera chegar a influír no seu criterio técnico unha dependencia externa, por actuar en representación ou por conta de ninguén.*

*(...)*

*En realidade, entendemos que o artigo 60 do EBEP utiliza termos expansivos na prohibición recollida no apartado terceiro, pois non só impide esa participación cando se actúa 'en representación' senón tamén 'por conta de ninguén', co que trata de vedar todo mecanismo formal ou material, directo ou indirecto, de ligazón entre un membro dun tribunal e ninguén, incluídas as organizacións sindicais'.*

Estes tribunais son os órganos encargados da cualificación dos procesos selectivos respectivos, actuando con autonomía funcional e de acordo cos principios de profesionalidade, obxectividade, neutralidade e imparcialidade do proceso selectivo, así como do deber de sxiilo profesional, de conformidade coas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección do 11 de abril de 2007."



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.917



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29853**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José M. Lage Tuñas e varios/as deputados/as máis, sobre **"as sospeitas de irregularidades que pesan sobre os diferentes procesos selectivos para o acceso ao emprego público na administración pública galega"**, (publicada no BOPG núm. 210 do 14 de abril de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"Nos procesos selectivos de acceso libre ao corpo administrativo, subgrupo C1, e ao corpo auxiliar, subgrupo C2, os tribunais detectaron que cinco opositores parecían coñecer os cuestionarios con carácter previo á celebración das probas. Presuntamente a situación foi consecuencia dunha filtración na fase de maquetación e impresión dos exames que estaba externalizada.

Consonte co resultado da investigación realizada polo equipo de auditores da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, recollida no informe de 4 de novembro de 2010, os feitos non poden ser imputados a ningún dos titulares dos órganos responsables dos procesos selectivos nin deles se desprende a existencia de responsabilidade política de ningún tipo.



As presuntas irregularidades apreciadas na composición dos órganos de selección nomeados para cualificar os tres procesos selectivos convocados para o ingreso no corpo superior de administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, consisten en que dous dos vogais integrantes do tribunal nomeado para cualificar dous destes procesos se presentaban como aspirantes no terceiro convocado pola quenda de promoción interna.

Neste caso, cómpre sinalar en primeiro termo dous cuestións principais:

- En primeiro lugar, estamos a tratar en todo caso de tres procesos selectivos independentes, e non dun só para o acceso ao subgrupo A1, convocados por Ordes diferentes da entón Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para cuxa cualificación foron nomeados órganos de selección independentes: un para os dous procesos de acceso libre (o ordinario convocado polo sistema selectivo de oposición e o extraordinario, polo sistema de concurso-oposición) e outro para o convocado para a promoción interna a este subgrupo dos funcionarios de carreira procedentes do subgrupo inmediatamente inferior.

- E, en segundo lugar, a composición dos ditos tribunais de selección foi en todo momento respectuosa coas normas reguladoras deste tipo de órganos recollidas na normativa vixente, tanto no relativo aos requisitos que deberían reunir os seus membros, como no que se refire ás prohibicións ou limitacións nas que non poderían incorrer.

Así, no relativo aos requisitos esixidos para formar parte dun tribunal de selección, convén recordar que non só en ningunha norma figura como tal o feito de pertencer ao mesmo grupo ou subgrupo ao que se vai a cualificar, pois unicamente se recolle o de posuír titulación suficiente á que se esixe para o acceso ao mesmo, senón que incluso o propio regulamento de selección de persoal ao servizo da Comunidade Autónoma prohibe que estes órganos estean





compostos maioritariamente por funcionarios dos mesmos corpos ou escalas de que se trate.

E no que se refire a outras posibles prohibicións ou limitacións, tampouco a dita normativa reflicte como tal o feito de optar como aspirante noutro proceso independente, aínda que este sexa para o acceso por outra quenda ao mesmo subgrupo. Nin o contempla o Estatuto Básico do Empregado Público, nin o Texto Refundido polo que se aproba a Lei da función pública de Galicia, nin no Regulamento de selección do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma, nin as propias Instrucións de funcionamento e actuación dos tribunais de selección.

Nin sequera o mero feito de que dous vogais coincidan nun mesmo tribunal con membros que posteriormente serán designados noutro diferente para cualificar outro proceso, neste caso o da quenda de promoción interna, ao que aqueles se presentarían como aspirantes, supón por si mesmo a existencia dunha relación de servizo ou dunha amizade íntima determinante da concorrencia dalgunha das causas de abstención que regula a Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, tal e como as ven interpretando unha reiterada xurisprudencia nesta materia.

Ademais desta xustificación argumentada de que a composición dos tribunais designados para cualificar os diferentes procesos para o ingreso no subgrupo A1 se adecuaba completamente á normativa vixente, a propia secuencia de trámites seguidos nestes procesos desminte a existencia de calquera tipo de irregularidade.

Neste punto, debemos ter en conta os seguintes feitos:

- O tribunal encargado de cualificar os dous procesos de acceso libre (ordinario e extraordinario de consolidación de emprego) foron nomeados en virtude da Orde do 4 de setembro de 2009, que se publicou no DOG do 11 de setembro, e foi



posteriormente modificado polas Ordes do 8 de outubro e do 26 de novembro de 2009, publicadas respectivamente nos DOG do 15 de outubro e do 4 de decembro.

- O 1º exercicio do proceso extraordinario de consolidación de emprego realizouse o 17 de outubro de 2009; e o correspondente ao proceso ordinario, o 18 de outubro de 2009. As puntuacións de ambas probas foron publicadas polas resolucións do 3 de decembro de 2009 no DOG do 14 de decembro.

- Esta secuencia temporal pon de manifesto que a elaboración dos ditos exercicios correspondeu a un tribunal titular diferente ao que resultou como consecuencia da modificación operada en decembro de 2009, coa que entrou a formar parte do mesmo, en todo caso como suplente, un dos membros que logo integraría o correspondente á quenda de promoción interna.

- Esta mesma secuencia temporal evidencia así mesmo que a realización dos primeiros exercicios descritos dos procesos de acceso libre foi tamén anterior á composición e nomeamento do tribunal encargado de cualificar o da quenda de promoción interna, que foi nomeado pola Orde do 4 de decembro de 2009, publicada no DOG de 11 de decembro, e modificado posteriormente pola Orde do 30 de decembro de 2009, publicada o 11 de xaneiro de 2010, e pola Orde do 24 de febreiro de 2010, publicada o 2 de marzo.

- As mesmas datas poñen de manifesto que os dous vogais do tribunal dos procesos de acceso libre descoñecían no momento do seu nomeamento cal terminaría sendo a composición do que posteriormente se nomearía para o proceso de promoción interna ao que se presentarían.

É máis, o resultado do primeiro exame lévanos a concluír que a actuación do tribunal foi totalmente obxectiva e imparcial, aínda que evidentemente a situación producida, poida facer sospeitar a terceiros que non se daban todas as



garantías necesarias para asegurar esa obxectividade e imparcialidade, pero é unha cuestión de aparencia, pero non que se producira ningunha irregularidade.

Así, nesta oposición convócanse 27 prazas pola quenda libre e 3 pola quenda de discapacitados. Realizouse e puntuouse o primeiro exercicio e os resultados foron os seguintes: presentáronse 94 persoas, aprobaron 73 e o resultado dos opositores nos que se pode expor dúbidas é o seguinte:

Un deles obtén unha puntuación de 15.00 puntos e figura na lista de aprobados co nº 21. O outro, obtén unha puntuación de 14.50 e figura na lista de aprobados co nº 30, (ao ir por orde alfabética, coa súa mesma puntuación están entre o 26 e o 30). As propias bases da convocatoria establecen que en caso de empate resolveríase por orde alfabética de acordo coa base II.2.1, co que esta opositora non obtería praza, se terminase aquí a oposición. (Base IV.1 da convocatoria).

Hai que ter en conta que este proceso despois do exame deben valorarse os méritos e no apartado de antigüidade, os dous opositores terían de acordo coa base II.2.1.a) da convocatoria 1,77 puntos dos 8 puntos posibles. Teñen a toma de posesión en data 5-07-04, e ata a data da publicación da convocatoria (3-07-09) computaríanse 59 meses por 0.03 puntos/ mes.

É moi probable que coa valoración dos méritos ningún dos dous obtivese puntuación para acadar algunha das 27 prazas; xa que hai 3 prazas para discapacitados e na listaxe de aprobados do primeiro exame aínda figuran 3 persoas da quenda de discapacitados.

Por todo iso, cabe afirmar que non existe ningún indicio sobre a existencia de calquera filtración ou actuación irregular na custodia dos exames por parte do tribunal de promoción interna e en toda a súa actuación.



En canto aos procesos selectivos para o acceso ás escalas de inspectores e subinspectores, se ben é certo que se produciu unha ralentización dos seus trámites tamén o é que a Dirección Xeral da Función Pública requiriu en dúas ocasións a súa continuación aos tribunais cualificadores e que unha vez remitidas por estes as relacións de aprobados non se produciu retraso ningún na tramitación.

O nomeamento como funcionarios/as das escalas de inspección e subinspección urbanística dos aspirantes que superaron os procesos selectivos realizouse mediante dúas ordes de data 14 de maio de 2010 (DOG nº 94, do 20 de maio de 2010) e, á data, prestan servizo nos seus destinos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

101511

45.918



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30167**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José M. Lage Tuñas e varios/as deputados/as máis, sobre **o motivo da demora do nomeamento como funcionarios da inspección e da subinspección urbanística aos dezaioito opositores que superaron as probas de selección hai máis dun ano**", (publicada no BOPG núm. 215 do 21 de abril de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"As relacións de persoas aprobadas nos procesos selectivos para o ingreso nas escalas de inspección urbanística e subinspección urbanística foron publicadas nos Diarios Oficiais de Galicia do 21 e 22 de xaneiro, respectivamente.

Ata esa data, e a pesares de que de acordo coa normativa vixente correspondía aos tribunais correspondentes a dirección e desenvolvemento dos procesos, a Dirección Xeral da Función Pública, á vista dunha ralentización dos seus trámites, requiríulles por escrito información sobre tal feito, solicitando a súa continuación sen máis dilacións.

Feito isto, e aínda que os requirimentos da Dirección Xeral foron atendidos e publicadas as relacións de persoas aprobadas nos dous procesos, foi necesario



agardar ao remate do prazo de 20 días naturais aberto con esas publicacións para a presentación da documentación xustificativa dos requisitos establecidos na convocatoria e á súa remisión dende todos os lugares nos que foi presentada ao abeiro do artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Unha vez recibida toda a documentación referida e dentro dos prazos ordinarios de tramitación, a Dirección Xeral procedeu ao seu exame e a o estudo das listaxes de postos vacantes que se ofertarían ás persoas aprobadas nos dous procesos, concedendo prazos ás organizacións sindicais e as consellerías afectadas para realizar alegacións ao respecto.

O pasado 14 de abril, logo de rematados os trámites relacionados, a Dirección Xeral anunciou na páxina web da Xunta de Galicia a previsión sobre a realización dos actos de elección de postos de ambos procesos, restando unicamente neste momento a determinación dunha data concreta a través da publicación da correspondente orde da Consellería de Facenda no Diario Oficial de Galicia.

Todos os trámites descritos realizados pola Dirección Xeral, en especial os requirimentos dirixidos aos tribunais, poñen de manifesto que o proceso de integración de persoal funcionario nestas escalas que se atopa en curso non interferiu nas actuacións realizadas pola Dirección Xeral nin houbo pola súa banda ningún outro interese na paralización ou retraso destes procesos.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.922



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31559**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando X. Blanco Álvarez, sobre **"a transferencia de crédito do programa 621 B "Imprevistos e funcións non clasificadas" aos programas 121A e 123A da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza por un importe de cinco millóns de euros, e as razóns da insuficiencia das previsións orzamentarias realizadas polo Goberno galego"**, (publicada no BOPG núm. 220 do 28 de abril de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

"Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron debidamente expostos polo Goberno na sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, con data de 7 de maio de 2010, no debate da iniciativa presentada polo mesmo deputado con número de rexistro 31557.

Igualmente, o Goberno galego tivo ocasión de responder, respecto do particular, na sesión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, con data de 19 de maio de 2010, no debate da iniciativa con número de rexistro 32065."





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


h

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.908



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 32021**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Daniel L. Varela Suanzes-Carpegna, sobre **"os hábitats e especies que poden verse afectadas polo trazado proposto polo Ministerio de Fomento para a autovía A-54, Lugo - Santiago, ao seu paso polos espazos protexidos e da Rede Natura da Serra do Careón"**, (publicada no BOPG núm. 220 do 28 de abril de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Autovía A-54 no seu tramo Palas-Arzúa atravesa o espazo protexido Serra do Careón. Neste espazo atópanse os seguintes hábitats: 4030 Breixeiras secas europeas e 4020 Breixeiras húmidas. Ademais existen tres xeodemismos incluídos no Catálogo de Especies Ameazadas.

Das diferentes alternativas seleccionouse a que menor afección supón, adoptando as solucións construtivas adecuadas para evitar o impacto ás especies protexidas, esixindo en boa parte do seu trazado o paso en viaduto nas zonas de maior sensibilidade."



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.914



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33010**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Sonia Verdes Gil, sobre **“os motivos da Consellería do Medio Rural para encomendarlle a unha empresa privada os servizos prestados a través do Centro de Información ao Agro de Galicia, para a súa coordinación a través da liña telefónica 012”**, (publicada no BOPG núm. 230 do 12 de maio de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Os motivos tidos en conta pola Consellería do Medio rural foron os de integrar nun só departamento todos os servizos de información e atención ao cidadán que xa prestaba a Consellería de Presidencia desde o 012, co gallo de facilitar aos cidadáns as súas relacións cos distintos departamentos da Xunta de Galicia, integrando servizos e minimizando o número de distintos teléfonos de atención para temáticas diferentes.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



XACOBEO 2010  
Galicia

RS/mc

45.910



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 35982**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e varios/as deputados/as máis, sobre **"a nova previsión da taxa de desemprego en Galicia para o ano 2010"**, (publicada no BOPG núm. 248 do 9 de xuño de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

"A taxa de desemprego é a prevista nos orzamentos para o exercicio de 2010."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.909



En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 37387**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan C. Francisco Rivera e varios/as deputados/as máis, sobre **"o prazo previsto pola Xunta de Galicia para o cumprimento do establecido na disposición adicional terceira da Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, respecto da elaboración dun plan director de servizos contra incendios e de salvamento"**, (publicada no BOPG núm. 253 do 16 de xuño de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

"A Comunidade Autónoma de Galicia conta dende o ano 2007 cunha Lei específica reguladora das emerxencias. A dita norma establece na súa disposición adicional terceira diferentes previsións sobre os servizos de prevención e extinción de incendios e salvamento.

No apartado primeiro desta disposición adicional, sinálase que a Xunta de Galicia impulsará as accións necesarias para homoxeneizar no prazo de tres anos eses servizos. Igualmente, faise referencia á constitución de consorcios provinciais, así como á elaboración dun plan director de servizos contra incendios e de salvamento,



establecendo un prazo de 6 meses para a súa elaboración. O dito plan debería terse elaborado, por tanto, no mesmo ano 2007, algo que evidentemente non se produciu.

A Xunta de Galicia, xa dende o pasado ano, está a traballar nun novo mapa de emerxencias de Galicia que implicará a posta en marcha de novos servizos e a coordinación dos existentes con novos procedementos operativos, a través da xestión da Axencia Galega de Emerxencias.

Asemade, se están levando a cabo as actuacións necesarias para a constitución dos consorcios provinciais de Pontevedra e Ourense que, xunto cos de Coruña e Lugo xa existentes, permitirán dotar ás catro provincias cun modelo homoxéneo de prestación do servizo contraincendios e de salvamento en todo o territorio galego. Dito sistema, de acordo coas restantes administracións implicadas, estará en funcionamento no vindeiro ano 2011. Coa súa posta en marcha, establecerase un Plan Director común, de xeito que permita despregar unha acción conxunta e eficaz na intervención nas emerxencias de acordo cos medios humanos e materiais dispoñibles no conxunto do territorio.”





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.901



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19191**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana L. Bouza Santiago e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **"a situación da Unidade de Saúde Mental da Barbanza"**, (publicada no BOPG núm. 166 do 8 de febreiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa construción do Centro para Saúde Mental do Barbanza no é viable tal e como estaba deseñado. A asistencia á poboación con trastornos psiquiátricos e trastornos aditivos na área sanitaria de Ribeira está plenamente garantida a través dos profesionais que neste momento están a traballar nesta área."



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.904



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 19961**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana L. Bouza Santiago e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **"as previsións para a construción do novo centro de saúde de Galeras, no concello de Santiago de Compostela, en 2010"**, (publicada no BOPG núm. 166 do 8 de febreiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

**"Está prevista a licitación para o centro de saúde de Galeras para o ano 2010."**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45.903



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 20094**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana L. Bouza Santiago e dona Ana B. Pontón Mondelo, sobre **“as previsións para a construción do novo centro de saúde do Milladoiro, no concello de Ames, en 2010”**, (publicada no BOPG núm. 166 do 8 de febreiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

**“Está prevista a licitación para o centro de saúde do Milladoiro para o ano 2010.”**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45819



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 25336**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco, sobre **"a valoración e as xestións da Consellería do Medio Rural respecto das modificacións na regulación do solo rústico introducidas no proxecto de Lei de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia"**, (publicada no BOPG núm. 184 do 4 de marzo de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

**"Na súa fase de proxecto de lei, esta norma foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, órgano colexiado do que forma parte o Conselleiro do Medio Rural."**





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS  
45811



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27983**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Sonia Verdes Gil e varios/as deputados/as máis, sobre **"a avaliación e cuantificación polo Goberno galego dos danos provocados polas inclemencias meteorolóxicas e os temporais acaecidos en Galicia durante o inverno 2009-2010 nos cultivos e nas producións, así como nas infraestruturas e edificacións agrícolas, gandeiras e forestais, e as previsións respecto da habilitación dunha liña de axudas específica para compensalos"**, (publicada no BOPG núm. 193 do 17 de marzo de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia realizou un seguemento dos efectos dos temporais no sector agrario, para avaliar a súa cobertura dentro do Plan nacional de seguros agrarios e a necesidade de tomar medidas excepcionais."



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA  
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONALES E PARLAMENTARIAS

4 JUN 2010

45797



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 32788**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José M. Lage Tuñas e varios/as deputados/as máis, sobre **"a situación laboral dos traballadores dos medios de comunicación públicos galegos e as medidas previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG núm. 226 do 6 de maio de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Compañía de Radio Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

"Como xa manifestou en múltiples ocasións, esta Dirección da CRTVG considera que o único xeito de dar solución á problemática da inestabilidade laboral nos medios públicos galegos é unha Oferta de Emprego Público para cuxa posta en marcha levamos a traballar durante os últimos meses e cuxo proceso comezou xa en abril coa solicitude presentada nas direccións xerais de Orzamentos e Patrimonio.

As decisións están xa adoptadas e refírense á devandita Oferta de Emprego Público. Para a convocatoria deste proceso selectivo, esta Dirección Xeral comprometeuse na Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia - consecuencia da demanda de conflito colectivo presentada por CIG, UGT, CCOO e USO por non terse levado a cabo o contido do convenio colectivo en canto ao proceso de selección se refire- a trasladar ao Consello de Administración



a proposta do cadro de persoal para a súa aprobación e, así mesmo, a tramitar a autorización da Consellería de Facenda, condicións ineludibles para o cumprimento deste acordo.

O escrito dirixido á Dirección Xeral de Función Pública e á Dirección Xeral de Orzamentos foi presentado o 17 de abril de 2010 e nel solicitouse a autorización da modificación cualitativa do cadro de persoal e da convocatoria da Oferta de Emprego Público de acordo co establecido no artigo 30.3 da lei 9/2009 de 23 de decembro de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano en curso. Dende a data de presentación do devandito escrito tiveron lugar diferentes reunións de traballo coa fin de explicar a documentación remitida e así contribuír a unha rápida resolución da fase administrativa na que agora mesmo nos atopamos.

Esta Dirección Xeral mantén o seu compromiso de presentar ao Consello de Administración a aprobación do novo cadro de persoal e o borrador de convocatoria, unha vez obtidos os correspondentes informes das Direccións Xerais de Función Pública e Orzamentos.

A promesa de iniciar o procedemento para a convocatoria da oferta de Emprego Público foi cumprida, xa que o día 17 se rexistrou a solicitude nas direccións xerais de Orzamentos e Patrimonio. Esta é a maneira de dar comezo ao proceso, pero, ao tratarse dun trámite burocrático, a resolución do mesmo no tempo é algo que non depende desta Dirección Xeral. O proceso atópase polo tanto aberto e estamos dispostos a defendelo, a pesares de estarmos nun contexto económico especialmente complicado, porque coidamos que é a única solución posible para dar unha saída á herdanza que recibimos da CRTVG.

No ano que este equipo directivo leva á fronte da CRTVG, estudouse a situación laboral do ente, falou-se cos axentes implicados e decidiuse continuar adiante co proceso selectivo que deixou aprobado a anterior Dirección. Neste tempo, non só



anunciamos a decisión de convocar unha OEP e nos comprometemos a elo primeiramente nun xulgado, senón que desde a CRTVG saíu un escrito oficial solicitando á Xunta o inicio do procedemento, algo que nunca se fixera desde o ano 1992. Polo tanto, nos 18 anos transcorridos desde entón, esta Dirección Xeral é a que está máis próxima a comezar a poñer orde na intrincada problemática laboral existente na Radio Galega e na TVG. Tocante á evolución do trámite, teño que ser especialmente prudente porque neste curto período de tempo abríronse dous procedementos legais promovidos desde instancias sindicais de carácter contraposto en canto á execución da OEP, como reflexo dunha división laboral grande que hai arredor desta Oferta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc

45808



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 34729**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Cajide Hervés e dona Sonia Verdes Gil, sobre **"a valoración do Goberno galego respecto da situación das explotacións dedicadas á produción de carne en Galicia, os recortes nas diversas liñas de axudas e a súa incidencia nelas, así como a súa función de conservación do ambiente e as previsións de impulso dalgunha medida de apoio"**, (publicada no BOPG núm. 239 do 27 de maio de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"As explotacións de orientación cárnica, imprescindibles para a conservación do medio ambiente e a protección da paisaxe, están a acometer un proceso de concentración e incremento do tamaño medio das mesmas. Polo que se refire ás axudas non hai recortes nas mesmas, tan só unha adecuación á normativa reguladora así como unha racionalización dos módulos en función do esforzo e custo do coidado das superficies.

Todas as posibilidades de apoio ás explotacións cárnicas están contempladas no PDR, por unha banda as IC e por outra o paquete de medidas agroambientais. Noutra orde de cousas contemplase o réxime de pago único e as axudas desacopladas.




Polo que se refire ás posibilidades de deseño de novas medidas son moi limitadas dado o amplo abano co que contamos dentro de PDR.

A Consellería de Medio Rural colabora co cárnico en xeral e coa IXP Tenreira Galega en particular para canalizar e consolidar a comercialización da tenreira de calidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





RS/mc

RECEBIDO  
23 AGO. 2010  
45823



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 17027**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana L. Bouza Santiago, sobre **"as previsións de contratación de pediatras para realizar as substitucións precisas para garantir unha atención adecuada do servizo de pediatría nos centros de saúde"**, (publicada no BOPG núm. 147 do 4 de xaneiro de 2010), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións febreiro-xuño de 2010, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O eixo principal da nosa actuación aposta por centrar toda a organización no paciente, e na integración e continuidade de coidados, deste xeito os cidadáns usuarios e pacientes son a nosa razón de ser, o núcleo central de tódalas nosas actuacións.

Así o noso compromiso é prestar un servizo público de calidade, en tempo e forma, procurando a equidade asistencial, e cunha xestión eficiente o máis preto posible do lugar de residencia das persoas, o que inclúe tamén a poboación en idade pediátrica así como o seu entorno familiar e social.

Así mesmo estase reforzando a capacidade de resolución dos servizos de pediatría con novas medidas que se están a por en marcha no SERGAS. Por todo isto podemos afirmar que no existen deficiencias de funcionamento nos citados servizos.



En consecuencia, os servizos de pediatría de Atención Primaria son e serán, estruturas fundamentais do Servizo Galego de Saúde así estase a garantir a plena asistencia sanitaria da poboación galega en tódolos centros de saúde.

É unha realidade que o noso país é un dos poucos dentro do espazo europeo nos que a sanidade pública realiza a atención aos nenos mediante especialistas en pediatría polo que cada neno galego ten asignado un pediatra de referencia. Esta situación fai que ante a ausencia dun profesional e para conxugar os seus dereitos coas necesidades dos cidadáns se adoiten as seguintes medidas segundo as seguintes prioridades:

1. Substituír ao profesional sempre que sexa posible.
2. Prolongar a xornada, isto é, cubrir as ausencias con profesionais que traballan voluntariamente durante mais horas.
3. Cando ningunha das medidas anteriores é posible, óptase porque a pediatría sexa asumida polos Médicos de Familia do servizo, contando sempre cun pediatra de referencia. Hai que salientar que estes profesionais reciben unha perfecta formación para asumir tanto as patoloxías propias dos nenos así como a actividades de promoción de saúde de estes durante a súa formación MIR.”



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




**XACOBEO 2010**  
Galicia

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727